

PARTICIPAR NUN FORO

Nos foros do Edixgal podes facer preguntas sobre as distintas materias, consultar dúbidas á profe, facer os teus comentarios...

Os foros móstranse coa icona  .

Os pasos que tes que seguir facer unha consulta ou comentario nun foro son:

1. Vai á materia onde se atopa o foro no que queiras facer a túa consulta ou comentario.



Neste foro podes consultar as dúbidas sobre os contidos e tarefas das distintas unidades da materia.

No exemplo o foro é "Foro de Dúbidas"

2. Pica sobre o nome do foro.

Na seguinte pantalla amosarase a información do foro (só se xa hai algún comentario no mesmo):

- **Discusión;** mostra o título da discusión, picando sobre el pódese ler o contido da mesma.
- **Comezado por;** nome do usuario que creou a discusión (comentario, pregunta...).
- **Respostas;** número intervencións que hai nunha discusión. Picando sobre o mesmo pódense ver todas as respostas.
- **Último comentario;** nome do usuario que fixo o último comentario neste tema de discusión e a data e hora da súa intervención.

Discusión	Comezado por	Respostas	Último comentario
Materia informática	 Loreto Brea González	0	Loreto Brea González Ven, 18 de Set de 2020, 21:38

3. Pica no botón "Engadir un novo tema de discusión".

PARTICIPAR NUN FORO DO EDIXGAL

FORO DE DÚBIDAS

Neste foro podes consultar as dúbidas sobre os contidos e tarefas das distintas unidades da materia.

Engadir un novo tema de discusión

4. Na seguinte pantalla móstranse varios apartados que debes cubrir:

- Tema; escribe o título que queres que leve o teu comentario.
- Mensaxe; no procesador de textos integrado escribe a túa pregunta, comentario, dúbida...

▼ O seu novo tema de discusión

Tema ⓘ

Mensaxe ⓘ

  **B** *I*         

Profe que imos traballar na materia de informática

☒ Subscrición á discusión ⓘ

- Anexo; se o desexas podes engadir un ficheiro adxunto. Para facelo só tes que arrastralo enriba da frecha azul.

Anexo ⓘ Tamaño máximo para os novos ficheiros: 500KB, número máximo de ficheiros anexos: 9



Ficheiros



Arrastre e solte aquí os ficheiros a engadir.

☐ Fixada ⓘ

☐ Enviar correo agora

Comentar no foro Cancelar

Os restantes apartados non é preciso que os cubras.

PARTICIPAR NUN FORO DO EDIXGAL

5. Pica no botón “Comentar no foro”.

6. Amósase unha pantalla na que se indica que o comentario engadiuse correctamente, que dispós de 30 minutos para facer cambios nel e que serás notificado cando algunha persoa responda ao teu comentario.

Pica en “Continuar”

O seu ficheiro engadiuse correctamente.



Ten 30 mins para editalo se quere facer calquera cambio.

EDITAR O TEU COMENTARIO

Unha vez que enviaches un comentario ao foro, podes editalo ou eliminalo nos 30 minutos seguintes, pasado este tempo non poderás facelo.

Para editar o teu comentario debes:

1. Entrar no foro no que está o comentario que fixeches. Segue os pasos indicados anteriormente.
2. Pica no título da discusión que creaches e que queres modificar ou eliminar.

Discusión	Comezado por	Respostas	Último comentario
Materia informática	 Loreto Brea González	0	Loreto Brea González Ven, 18 de Set de 2020, 21:38

3. Amosarase o teu comentario xunto coa información xeral do mesmo.

 **Materia informática**
por Loreto Brea González - Venres, 18 de Setembro do 2020, 21:38
Profe que imos traballar na materia de informática

[Ligazón permanente](#) **Editar** **Eliminar** [Responder](#)

- Se queres realizar algunha modificación no comentario tes que picar en "Editar" e abrírase a pantalla de creación do comentario pero no lugar de ter o botón "Comentar no foro" tes o botón "Gardar modificación" no cal debes picar para gardar os cambios no teu comentario.
- Se queres eliminar un comentario pica sobre "Eliminar"
Amosarase o teu comentario e a información xeral do mesmo. Pica en "Continuar" e o teu comentario será eliminado.

Confirmar

Confirma que quere eliminar este comentario?

Continuar Cancelar

VER E RESPONDER UN COMENTARIO DO FORO

No foro podes ver os comentarios feitos por outros usuario e se queres contestarlles.

1. Entrar no foro no que está o comentario que queres ver. Segue os pasos indicados anteriormente.

2. Pica no título da discusión que queres ver. No exemplo imos ver o comentario "Materia informática"

Discusión	Comezado por	Respostas	Último comentario
Materia informática	 Loreto Brea González	0	Loreto Brea González Ven, 18 de Set de 2020, 21:38

3. Na seguinte pantalla amósase o contido da discusión coa súa información xeral (autor do comentario, data e hora da súa publicación no foro).

 **Materia informática**
por [Loreto Brea González](#) - Venres, 18 de Setembro do 2020, 21:38
Profe que imos traballar na materia de informática

[Ligazón permanente](#) [Responder](#)

4. Se queres responder a ese comentario pica en "Responder".

Tras facelo amosarase a pantalla de creación do comentario.